

CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello s/n.

27240 Meira

Lugo

Teléf./Fax: 982 330 102

CIF: P2702900H

Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

DONA. PILAR ROZAS ALONSO, SECRETARIA-INTERVENTORA ACCIDENTAL DO CONCELLO DE MEIRA (LUGO)

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local deste concello na sesión ordinaria celebrada o día 10 de xullo de 2023, adoptou entre outros o seguinte acordo que literalmente se transcribe:

7º.-APROBACION DO REXISTRO DE ACTIVIDADES DE TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS DO CONCELLO DE MEIRA E COMITÉ DE SEGURIDADE.-

Visto o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Reglamento General de Protección de Datos) (DOUE 4.5.2016).-

Esta nova regulación, que por primeira vez se fai a través dun Regulamento Europeo, comporta cambios significativos na protección de datos de carácter persoal, tanto dende o punto de vista dos dereitos das persoas, como das obrigas das persoas e entidades que tratan datos de carácter persoal. As administracións locais no exercicio das súas funcións, tratan diariamente unha grande cantidade de datos persoais, referidos principalmente, aos cidadáns, contribuíntes ou terceiros: padrón de habitantes, xestión de impostos, policía locais e xestión de infraccións, subvencións, disciplina urbanística, servizos sociais, provedores de servizos, etc.-

O artigo 30.1 do RGPD, relativo ao rexistro das actividades de tratamento, establece que cada responsable e, no seu caso o seu representante, levarán un rexistro das actividades de tratamento efectuadas baixo a súa responsabilidade. Dito rexistro deberá conter a seguinte información:

- a) O nome e os datos de contacto do responsable e, no seu caso, do corresponsable, do representante do responsable, e do delegado de protección de datos.
- b) Os fins do tratamento.
- c) Unha descrición das categorías de interesados e das categorías de datos persoais.
- d) As categorías de destinatarios a quen se comunicaron ou comunicarán os datos persoais, incluídos os destinatarios en terceiros países ou organizacións internacionais.
- e) No seu caso, as transferencias de datos persoais a un terceiro país ou unha organización internacional, incluída a identificación de dicho terceiro país ou organización internacional e, no caso das transferencias indicadas no artigo 49, apartado 1, parágrafo segundo, a documentación de garantías adecuadas.
- f) Cando sexa posible, os prazos previstos para a supresión das diferentes categorías de datos.
- g) Cando sexa posible, unha descrición xeral das medidas técnicas e organizativas de seguridade a que se refire o artigo 32, apartado 1.



O Concello ten a obriga como responsable do tratamento, manter o rexistro de actividades de tratamento actualizado.-

Así mesmo, de acordo co artigo 31.2 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, todas as entidades incluídas no artigo 77.1 desta lei orgánica deberán facer público un inventario dos tratamentos no que constará a información establecida no artigo 30 do RGPD e a súa base legal lexitimadora para o tratamento dos datos de carácter persoal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro membros asistentes, que son o número que legalmente a constitúen, e en votación ordinaria, **ACORDOU:**

Primeiro: prestar aprobación ao Rexistro de Actividades de Tratamento do Concello de Meira, de conformidade co establecido no artigo 30 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2005, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos.-

Segundo: Designar responsable interno de Protección a dona Mercedes Fernández Moirón, funcionaria deste concello.

Terceiro: Crear o comité de seguridade que estará formado, por un membro da corporación, o responsable interno de protección de datos, o secretario/a da entidade e polo delegado de protección de datos, cuxas funcións serán as do seguimento anual da situación de protección de datos dentro da entidade, así como a toma de decisións sobre as accións a tomar de cara a un mellor cumprimento da normativa de protección de datos.

O comité de seguridade está formado polas seguintes persoas:

- Un membro da Corporación: Agustín Méndez Moirón (1º Tenente de alcalde do concello)
- O responsable interno de protección de datos: Mercedes Fernández Moirón (funcionaria deste concello)
- O secretario/a da entidade: neste momento Pilar Rozas Alonso
- Delegado de Protección de Datos: Laura Huerta Lejo

Cuarto.- Proceder á publicación do rexistro de actividades de tratamento actualizado no portal de transparencia e páxina web do concello.

E para que así conste e surta os efectos oportunos, expido a presente certificación, coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de orde e co Visto e Prace do Señor Alcalde, que firmo en Meira na data da sinatura electrónica.

A secretaria accidental

Visto e prace
O alcalde

Antonio de Dios Alvarez

